



VI 1067c

Non quero vaiñas
non quero vaias
non quero que me poñas
a mau na saía
que son solteira
que son solteira
se fora casada
o mesmo me daba.

VI 1692a

Ai vinde acá mulleres
pícaros e todo
vinde ver o meu dote
que me dou o meu soghro.
Ai unha manta vella
cun remendo novo
unha cabra cegha
cun cabirto coxo.

VI 1684c

Miña nai por me casar -e
e meu pai por dar-me o dote
formaron un labarinto
rompéronlle os pés do pote.

Mira Maruxiña
mira como eu veño
cunha borrachera
que xa non me teño.
Que xa non me teño
como me hei de ter -e
veño da taberna
veño de beber -e.

VI 2057

Viño tinto, viño tinto
criado en las verdes matas
i a los hombres más valientes
los haces andar de ghatas.



VI 1435c

Fun ó curral de meu soghro
e incirrâronme os cans
e saliu a miña soghra
cunha tranca na man,
cunha tranca na man,
cun zapato no pé,
ela quéreme mal
e eu ben sei por qué é.

VI 1437

Desde que vino la moda
de echar las soghras ó mar -e
a miña a condenada
está i aprendendo a nadar -e.

VI 1395b

Miña nai doume unha tunda
ca faldra dunha camisa,
miña nai teña verghonza
que ven a xente da misa.

VI 1396c

Miña nai doume unha tunda
co aro dunha peneira,
miña nai teña verghonza
que ven a xente á feira.

Ai acibeiriño de flores,
acibeiriño de flores
Xestoso da miña vida
Paredes dos meus amores.
Xestoso da miña vida
Paredes dos meus amores.